



# BOP

VENRES, 1 DE ABRIL DE 2022

N.º 075

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECRETARÍA XERAL. SECCIÓN DE PATRIMONIO

##### *Anuncio*

Por acordo unánime do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 29 de marzo de 2022 foi aprobada inicialmente a cesión gratuíta da titularidade de dúas cabezas de gando de raza fría coa seguinte identificación: ES051113398762 e ES061113398763 a favor da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta, coa finalidade da promoción e difusión de diversas razas de gando vacún e en particular participar na da XXXVI edición do Concurso de gando frisón de MOEXMU 2022.

De conformidade co artigo 110.1.f) do Real Decreto 1372/1986 do 26 de novembro do Regulamento de bens das entidades locais e do artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se somete a información pública por prazo de vinte días a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado na Secretaría Xeral da Deputación de Lugo e formular as alegacións que se estimen pertinentes, noutro caso o antedito acordo entenderase definitivo.

Lugo, 30 de marzo de 2022.- O Secretario Xeral, Jose Antonio Mourelle Cillero.

R. 0743

### CONCELLOS

#### BEGONTE

##### *Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón de actividades socioculturais e deportivas correspondente ao mes de marzo de 2022, por un importe de 3.306,25€

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 28 de marzo de 2022.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0712

### CHANTADA

##### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 22/03/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a febreiro 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a febreiro do 2022 terá lugar neste municipio dende o día 22 de marzo de 2022 ata o día 23 de maio de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 22 de marzo de 2022.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 0713

---

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 24/03/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a marzo 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes febreiro 2022 terá lugar neste municipio dende o día 24 de marzo de 2022 ata o día 23 de maio de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 24 de marzo de 2022.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 0714

---

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 21/03/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga , sumidoiros , lixo e canón de auga correspondentes ao 1º bimestre do exercicio 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 21 de marzo de 2022.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 0715

---

## FOLGOSO DO COUREL

### *Anuncio*

De conformidade cos artigos 112 da Lei 7/85, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 25 de febreiro de 2022 adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de 2022, que resultou definitivo ao non se ter presentado reclamacións durante o período de exposición pública.

Faise público que o Orzamento ascende, en ingresos e gastos á cantidade de UN MILLÓN TRESCENTOS TRINTA E DOUS MIL DOPUSCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.332.235,75 €) correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE INGRESOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN INGRESOS
1	Impostos Directos	202.091,20 €
2	Impostos Indirectos	15.000,00 €
3	Taxas e Outros Ingresos	89.750,00 €
4	Transferencias Correntes	745.011,02 €
5	Ingresos Patrimoniais	1.000,00 €
6	Alleamento de Investimentos Reais	2.000,00 €
7	Transferencias de Capital	277.383,53 €
8	Activos Financeiros	0 €
9	Pasivos Financeiros	0 €
TOTAL INGRESOS		1.332.235,75 €

ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN GASTOS
1	Gastos de persoal	667.126,68 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	352.635,42 €
3	Gastos financeiros	1.200,00 €
4	Transferencias correntes	31.590,12 €
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00 €
6	Investimentos reais	277.383,53 €
7	Transferencias de capital	2.300,00 €
8	Activos Financeiros	0,00 €
9	Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL GASTOS		1.332.235,75 €

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta Corporación que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
Denominación	Nº plazas	Grupo	CD	Situación
Secretario-Interventor	1	A1	26	Ocupada en propiedade
Traballador Social	1	A2	21	Vacante
Auxiliar administrativo Experto	1	C2	18	Vacante
Oficial Servizos Múltiples	1	C2	14	Vacante
B) PERSOAL LABORAL INDEFINIDO				
Denominación	Nº plazas	Situación		
Conserxe-Limpiadora colexio	1	Indefinido	Xornada Completa	
C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL				
Denominación	Nº plazas	Características		
Técnico Local de emprego	1	Temporal	Xornada completa	
Traballadora Social	1	Temporal	Xornada completa	
Auxiliar axuda no fogar	8	Temporal	Xornada completa	
Auxiliar axuda no fogar	3	Temporal	Xornada parcial	
Peón Grupo Emerxencia Supramunicipal (Convenio)	6	Temporal	Xornada completa	

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdicción contencioso-administrativa.

Folgo do Courel, 28 de marzo de 2022.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0716

**LUGO**  
*Anuncio*

**DECRETO Nº 3468/2022 do 28/03/2022**

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Analista de Sistemas/Aplicacións pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018) e tendo en conta os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 5/294 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018).

- Decreto 10294/2021, do 25/11/2021, polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS (subgrupo A1) PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

Dito decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 279, do 4 de decembro de 2021, e extracto del no “Diario Oficial de Galicia” número 7, do 12 de xaneiro de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 23, do 27 de xaneiro de 2022.

Con data do 24 de febreiro de 2022 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de marzo de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 26/160 PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 24 de marzo de 2022.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.**- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

**Segundo.**- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

**Terceiro.**- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria.

Tendo en conta a proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 24 de marzo de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

**Primeiro.**- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto 10294/2021, do 25/11/2021, para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA ANALISTA DE SISTEMAS/APLICACIÓNS (subgrupo A1) pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018), que a continuación se indica:

### ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
ABELLEIRA FERNÁNDEZ, FRANCISCO JAVIER	***4976**
OTERO OTERO, RAFAEL	***8855**

### EXCLUIDOS/AS

Ningún.

**Segundo.**- Facer público que, segundo o acordo 26/160 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 16 de marzo de 2022, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o

acceso en propiedade a unha praza de Analista de Sistemas/Aplicacións do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018); estará constituído do seguinte xeito:

Presidente/a:

- Don José Luis Morillo Salas, Xefe de Servizo de Informática da Xerencia do Catastro A Coruña.

Suplente: dona María Isabel Villamor Cabado, Xefa de Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

Vogais:

- Don Daniel Díaz de la Iglesia Técnico Superior Informática Área de Xefatura Delegación Especial AEAT de Galicia.

Suplente: don Julio Torre Rodríguez, Xefe de Servizo de Medio Ambiente do Concello de Lugo.

- Don Nicolás Fariña Vereá, Adxunto Xefe de Servizo de Comunicación e TICs Deputación de Lugo.

Suplente: dona Isabel Carbonés Bosch, Xefa de Servizo de Facenda Local do Concello de Lugo.

- Don Jorge Chacón Souto, Xefe de Servizo de Informática do Concello da Coruña.

Suplente: dona María Jesús López Vázquez, Xefa de Servizo Fomento do Concello de Lugo.

Secretario/a:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: don Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

**Terceiro.**- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 28 de marzo de 2022.

R. 0717

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 24 de marzo de 2022, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de abril ata o 15 de abril de 2022. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, 25 de marzo de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0718

## VILALBA

### *Anuncio*

Convocatoria para a adxudicación das **autorizacións administrativas de ocupación e explotación de espazos de dominio público municipal durante a celebración do Festival de Música Independente de Vilalba FIV 2022.**

Por Resolución da alcaldesa de Vilalba **número 193 de 29 de marzo de 2022**, son aprobadas as Bases que rexen a convocatoria pública para as concesións demanais dos espazos de dominio público para instalacións de venda de comidas e bebidas durante a celebración do FIV 2022.

Documentación e información facilitada polo Concello de Vilalba: a partir do día seguinte de publicación no BOP de Lugo do presente anuncio, os interesados terán á súa disposición as Bases que rexen a convocatoria.

Lugar e forma de obtención de información da documentación: no taboleiro de anuncios do Concello de Vilalba e na sede electrónica do Concello de Vilalba (<https://vilalba.sedelectronica.es>)

Presentación de proposicións: no Rexistro Xeral de do Concello de Vilalba ou ou sede electrónica, ou por correo postal nas Oficinas de Correos

Prazo de presentación de proposicións: 5 días hábiles dende a publicación do presente anuncio

Prazo concesional: días 22, 23 e 24 de abril de 2022

Obxecto da concesión:

- Lote 1: Instalación para venda de bebidas os días 22 e 23 de abril de 2022 (duas instalacións cada día), na Praza da Constitución e no Campo da Feira.
- Lote 2: Instalación para venda de comidas os días 22 e 23 de abril de 2022 na Praza da Constitución.
- Lote 3: Instalación para venda de comidas os días 22 e 23 de abril de 2022, no Campo da Feira.
- Lote 4: Instalación para venda de comidas os días 22 e 23 de abril de 2022, no Campo da Feira.
- Lote 5: Instalación para venda de comidas os días 22 e 23 de abril de 2022, no Campo da Feira.
- Lote 6: Instalación para venda de comidas os días 22 e 23 de abril de 2022, no Campo da Feira.
- Lote 7: Instalación para venda de comidas os días 22 e 23 de abril de 2022, no Campo da Feira.
- Lote 8: Instalación para venda de comidas os días 22 e 23 de abril de 2022, no Campo da Feira.
- Lote 9: Instalación para venda de comidas os días 22 e 23 de abril de 2022, no Campo da Feira.
- Lote 10: Instalación para venda de comidas os días 22 e 23 de abril de 2022, no Campo da Feira.

Os interesados poden presentar proposición a un único lote ou a todos os lotes que desexe ata un máximo dos dez lotes.

Canon concesional:

- Lote 1 (instalacións venda de bebida): 13.000,00 €
- Lote 2 (instalación venda de comida): 1.500,00 €
- Lote 3 (instalación venda de comida): 1.500,00 €
- Lote 4 (instalación venda de comida): 1.500,00 €
- Lote 5 (instalación venda de comida): 1.500,00 €
- Lote 6 (instalación venda de comida): 1.500,00 €
- Lote 7 (instalación venda de comida): 1.500,00 €
- Lote 8 (instalación venda de comida): 1.500,00 €
- Lote 9 (instalación venda de comida): 1.500,00 €
- Lote 10 (instalación venda de comida): 1.500,00 €

Documentación a presentar: sobre pechado con Anexo II debidamente cuberto e plano e fotografías da instalación, montaxe e mobiliario

Referencia do expediente: 889/2022

O que sa fai público para xeral coñecemento.

Vilalba, 30 de marzo de 2022.- A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 0744